

MANUEL F. RODRÍGUEZ

Manuel F. Rodríguez (Sarria, 1958) é xornalista e doutor en Ciencias da Información. Traballa no Xacobeo, foi profesor de Comunicación da Universidade de Santiago e colabora como docente nos seus Cursos Internacionais. Publica desde 1996. Entre as súas obras están *Os Camiños de Santiago en Galicia*, 2004, con Francisco Singul; *La catedral de Santiago para los peregrinos*, 2012, e *Santiago de Compostela para los peregrinos*, a primeira guía desta cidade que revela a súa condición de meta da ruta xacobeá.

Foi, ademais, coordinador de *La gran enciclopedia del Camino de Santiago. Diccionario de la cultura jacobea*, obra en 18 tomos con tres mil entradas na que participaron expertos de varios países e publicada, como as dúas anteriores, por Bolanda Edicións. Tamén dirixiu as primeiras exposicións sobre a historia da radio en Galicia, 2009-2010. Traballou e colabora en medios de comunicación e ten impartido conferencias en países de Europa e América. *A viaxe á fin do mundo* é a súa primeira novela.

SINOPSE

Moito antes que o Códice Calixtino roubaron da catedral de Santiago a xoia máis antiga e amada. Nunca apareceu. Era parte dunha viaxe.

O roubo en 1906 na basílica compostelá da cruz de Afonso III, unha cruz grega do século IX de ouro e xemas, nunca se resolveu. A prensa apenas tratou o sucedido, malia supoñer a perda da ofrenda máis antiga ao apóstolo Santiago e a máis venerada polos peregrinos. En 1921, o misterio aumentou ao arder o retablo de onde desaparecera. Foi un feito insólito e non aclarado e, coma o roubo, axiña esquecido.

Só alguén en Santiago, un xornalista, quere respostas, non tanto por afán profesional como polo xeito en que estes sucesos condicionarán, sen piedade, a súa vida. Esta busca levarao a cruzarse, de traumático xeito, con outras buscas non menos determinantes. Procuras que aos cen anos do roubo volverán con insospeitadas consecuencias. A clave estará na viaxe metafórica e real ao finis terrae máis mitificado polos europeos a través dos séculos.

A viaxe á fin do mundo é unha historia de interminable misterio onde o amor e a morte se unen para facer de cada pregunta a resposta